

PLAN RENOVE MAQUINARIA 2025

PRAZO SOLICITUDE: DE 08/07/2025 as 9.00 ATA

15/09/2025

OBXETO DAS AXUDAS: O obxecto da axuda é a renovación do parque nacional de maquinaria agraria: tractores agrícolas, máquinas automotrices, máquinas arrastradas ou suspendidas e compoñentes de agricultura de precisión.

Adquisición de: - **Tractores agrícolas**, - **Máquinas automotrices**: equipos recolección, equipos aplicación produtos fitosanitarios, equipos aplicación fertilizantes, cisternas automotrices de xurros, equipos de manipulación e carga e trituradoras de residuos vexetais.

- **Maquinas arrastradas ou suspendidas**: sembradoras directas, cisternas para xurros e dispositivos de aplicación, abonadoras, equipos aplicación fitosanitarios, trituradoras de residuos vexetais. - **Compoñentes agricultura precisión**: sensor NIR, sistema de autoguiado, sistema de adaptación de máquinas para traballo viable e kit de adaptación ISOBUS.

Os tractores e máquinas a adquirir deberán seleccionarse de entre as relacionadas na páxina web do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación. Enlace: [Ayudas para la renovación de la maquinaria agrícola \(mapa.gob.es\)](https://mapa.gob.es).

A subvención concederáse só por un único tractor, máquina ou compoñente de agricultura de precisión novos por beneficiario, podendo achatarar máis dun tractor ou máquina obsoletos do mesmo tipo que os adquiridos. Non se esixirá o achataramento no caso de subvencionar compoñentes de agricultura de precisión.

PERSOAS BENEFICIARIAS:

a) **Persoas físicas ou xurídicas, ou agrupacións de persoas físicas ou xurídicas**, incluídos entes sen personalidade xurídica, titulares dunha explotación agraria rexistrada no Rexistro Xeral da Producción Agrícola (REGEPA) ou no correspondente rexistro autonómico, ou no Rexistro de Explotacións Gandeiras (REGA) ou, as cooperativas, sociedades agrarias de transformación (SAT) ou outras agrupacións agrarias, sempre que os seus socios ou membros sexan titulares de, polo menos, en conxunto, tres das devanditas explotacións.

PLAN RENOVE MAQUINARIA 2025

b) As persoas físicas ou xurídicas que prestan servizos agromecánicos con maquinaria agrícola á agricultura, inscritas no Imposto de Actividades Económicas no epígrafe 911, no epígrafe 912 ou no epígrafe 851.

c) As agrupacións de tratamentos integrados en agricultura e as agrupacións de defensa sanitaria gandeira. Estas subvencións soamente destinaranse para maquinaria e equipos agrícolas cuxo uso estea destinado ás súas actividades específicas. Deben cumprir os requisitos aplicables a PEMES.

CONTÍA DAS AXUDAS:

1. Tractores: Contía base: 120 € por kW da potencia de inscrición do tractor para retirar. Se se achatarra máis dun, o cálculo será a suma da potencia todos os retirados. Esta contía incrementarase en función da clasificación enerxética do novo tractor: **cat. A** 3.000 €; **cat. B** 2.000 € e **cat. C** 1.000 €. Incremento de 2.000 € en función das emisións do novo tractor. Incremento de 5.000 € se se trata dun tractor eléctrico, de hidróxeno, 100% biocombustíbles. Incremento de 3.000 € segundo as deficiencias de seguridade dos tractores retirados.

Límite axuda: 12.000 € (contía base) e 20.000 € por beneficiario. Tampouco poderá superar o 30% do custo total de adquisición (sen IVE)

2. Máquinas automotrices agrícolas: Contía base: 120 € por kW de potencia fiscal da ficha técnica multiplicada por cinco. Se se achatarra máis dunha, o cálculo será sobre a suma das potencias de todas as que se achatarren. Incremento de 2.000 € por cumprir a nova máquina coa fase de emisións máis avanzada posible na súa homologación.

Límite axuda: 25.000 € (contía base) e 27.000 € por beneficiario. Tampouco poderá superar o 30% do custo total de adquisición (sen IVE).

3. Abonadoras e equipos de aplicación fitosanitarios: Contía base: 30% do investimento co límite de 4.500 € en abonadoras e 6.000 € en equipos de aplicación de fitosanitarios. Incremento de 1.000 € se se achatarra outra abonadora ou equipo de aplicación de fitosanitarios rexistrado en ROMA a nome do solicitante.

Límite de 5.500 € para abonadoras e 7.000 € para equipos de aplicación de fitosanitarios.

4. Sembradoras directas, cisternas para xurros, dispositivos de aplicación localizada de xurro, trituradoras de residuos vexetais: Contía base: 30% do investimento. **Límite 20.000 € para sembradoras e cisternas de puries; 6.000 € para dispositivos de aplicación localizada de xurro e 3.000 € para trituradoras de residuos vexetais.**

5. Componentes de agricultura de precisión: Contía base: 30% do investimento. **Límite máximo 6.000 €**

INFORMACIÓN:

Para cualquier gestión referente a solicitudes de ayuda:

- TELÉFONO: 91.347.14.47 (Horario de atención telefónica de luns a venres de 9:00 a 14:00 horas) E-MAIL: solicitudes@gestionrenove.es